

**NOTA DE PRENSA 093/23
03 DE NOVIEMBRE DE 2023**

**LARACHA ESTREA PROBA NO CAMPIONATO GALEGO DE SLALOM CON
MÁIS DE MEDIO CENTO DE PARTICIPANTES**

O Campionato de Galicia de Slalom está de estrea este sábado 4 de novembro coa celebración da primeira edición do Slalom de Laracha.

A cita, que contará con máis de medio cento de participantes, será a penúltima parada dun certame revitalizado neste 2023 e que ten infinidade de puntos de interese entre os competidores.

Novamente a batalla entre os principais favoritos do certame acapará a atención do abundante público que se reúne neste evento. Iván Picallo, Manuel Trevín, Pablo Castro ou Aitor Fornos son algúns dos candidatos a subir ao máis alto do podio nesta proba organizada por Arteixo Motorsport.

Non só na loita polo triunfo absoluto estará a emoción, tamen nos distintos trofeos puntuables como o de debutantes, iniciación, feminino e o propio de Arteixo Motorsport, polo que haberá loita en todas e cada unha das mangas cronometradas.

A primeira manga de adestramentos dará comezo ás 10:00 horas. Sen deterse terán lugar a segunda de adestramentos e as dúas oficiais, estas plantexadas para despois do mediodía, a priori.

A entrega de premios aos mellores participantes será a partir das 22:30 horas.